

I. DISPOSICIONES XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

5461 *Real decreto 418/2011, do 25 de marzo, polo que se modifican determinados artigos do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

O artigo 25 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, determina que o ensino de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais se estructure en función dos requisitos de titulación exixidos para o ingreso nun máximo de tres cursos académicos.

O Ministerio de Defensa decidiu que aqueles aspirantes que ingresen polas formas de ingreso directo e por promoción, sen exixencia de titulación de técnico superior, cursen o ensino de formación en tres anos, xa que este comprende, por unha parte, a formación técnica correspondente a un título de formación profesional de grao superior e, por outra, a superación dos plans de estudos da formación militar xeral e específica.

O novo modelo de ingreso implantarase nos procesos de selección que se convoquen para o ano 2011; os que ingresen nos centros docentes militares de formación cursarán plans de estudos de tres anos de duración, o que na práctica supón que, no solapamento entre o réxime que se extingue e o que se implanta, non se produzan no ano 2013 novas incorporacións ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, o que implica distorsións no que concirne ao planeamento da política de persoal, especialmente á regularización dos efectivos e dos cadros de persoal regulamentarios das Forzas Armadas, sen esquecer aspectos relativos á mingua da eficacia operativa das unidades militares cada vez máis implicadas en misións fóra do territorio nacional.

Por isto, considérase necesario introducir no Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, un novo criterio con carácter transitorio para que nos procesos de selección do ano 2011, para o ingreso nos centros docentes militares de formación para a incorporación ás escalas de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, se poida establecer unha cota de aspirantes polo sistema ata agora vixente e que accederían á escala o ano 2013 e, outro, polo que aproba o real decreto, dando así solución ao problema que orixina a implantación do novo modelo no ano 2011, coa necesidade de ter accesos á escala no ano 2013.

Por outra parte, o novo sistema de ingreso nos centros docentes militares de formación, fundamentalmente para o acceso aos corpos xerais e de Infantaría de Mariña, establece un período de orientación e adaptación á vida militar, durante o cal se poden producir renuncias, e que por aplicación do artigo 56.2 da Lei 39/2007, do 19 de novembro, da carreira militar, non era posible repoñer. Esta limitación desapareceu coa modificación que se introduce na disposición derradeira décimo primeira da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2011, permitindo que os que causen baixa neste período sexan substituídos por outros para o seu nomeamento como alumnos. Como consecuencia disto, faise tamén necesario modificar neste sentido o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.

Por último, preténdese permitir que aqueles que non teñan a nacionalidade española e pertencen a algún dos países que figuran no anexo I do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, poidan acceder aos procesos de selección para a adscrición como militar de complemento á especialidade fundamental de medicina do corpo militar de sanidade, co requisito de permanecer en España en situación de estadía por estudos, ademais dos de encontrarse nas situacións de residencia temporal ou de longa duración.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Defensa, coa aprobación previa do ministro de Política Territorial e Administración Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 25 de marzo de 2011,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas.*

Modifícase o Real decreto 35/2010, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas no seguinte sentido:

Un. Engádesse unha nova disposición transitoria décima co seguinte contido:

«Disposición transitoria décima. *Convocatorias no ano 2011.*

1. As prazas que se oferten no ano 2011 para a forma de ingreso por promoción sen exigencia de titulación de técnico superior para o acceso á escala de suboficiais dos corpos xerais e de Infantaría de Mariña poderanse desagregar en dous procesos de selección diferenciados; un conforme a normativa que figura na disposición transitoria sexta.1.a) anterior e, outro, conforme o regulamento que se aproba.

2. Os que ingresen nos centros docentes militares de formación tras ter superado o proceso de selección conforme a normativa que se cita na disposición transitoria sexta.1.a), cursarán os plans de estudos aprobados conforme o Real decreto 205/2002, do 22 de febreiro, sobre directrices xerais dos plans de estudos para a incorporación ás escalas de suboficiais das Forzas Armadas.»

Dous. Modifícase o número 4 do artigo 13 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«4. Os órganos de selección non poderán propor o ingreso nos centros docentes militares de formación dun número superior de aspirantes ao de prazas convocadas. Non obstante, o órgano convocante poderá requirir do órgano de selección a relación complementaria dos aspirantes que sigan os propostos para o seu posible nomeamento como alumnos, nos termos e prazos que estableza a convocatoria, cando:

a) Se produzan renuncias antes do seu ingreso no centro docente militar de formación que corresponda.

b) Se comprabe que antes da data de presentación no centro docente militar de formación que corresponda algún dos aspirantes propostos como alumnos non reúne ou perdeu algún dos requisitos xerais ou específicos exigidos na convocatoria.

c) Se produzan renuncias durante o período de orientación e adaptación á vida militar que se estableza nos correspondentes plans de estudos.

Alcanzada a data de ingreso nos centros docentes militares de formación que proceda, segundo o establecido nos parágrafos anteriores, extínguese calquera outro dereito derivado do proceso selectivo.»

Tres. Modifícase a alínea a) do artigo 15.2 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«a) Encontrarse en situación de residencia temporal ou de longa duración en España. Tamén poderán participar nos procesos de selección para o ingreso nos centros docentes militares de formación para adquirir a condición de militar

de complemento do corpo militar de sanidade, na especialidade fundamental de medicina, os que se encontren con autorización de estadía por estudos.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 20 do Regulamento de ingreso e promoción e de ordenación do ensino de formación nas Forzas Armadas, que queda redactado como segue:

«3. No ámbito deste regulamento denomínase instrución e adestramento o conxunto de exercicios de carácter eminentemente práctico conducentes a completar a formación militar relacionada con cada corpo, escala e especialidade; tamén poderá incluír un período de orientación e adaptación á vida militar.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 25 de marzo de 2011.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Defensa,
CARME CHACÓN PIQUERAS